

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO *BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS*

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Por outra parte, Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que detentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.


Segundo. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público, no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións, obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Quarto. O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta





como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Quinto. O artigo 80 da LALGA, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre os que se atopa a protección do medio ambiente e a salubridade pública.

Sexto. Por outra banda, o artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, establece que as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión, terán que estar dirixidas á protección do ambiente, incluídas aquelas que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Sétimo. O concello de Mos expuxo a necesidade de obter asistencia extraordinaria para o mantemento dunha brigada de protección e defensa do ambiente e espazos naturais, integrada no servizo de urxencia municipal, que ten como finalidade a prevención, control e mantemento de zonas verdes e forestais; actuacións en materia de tratamento e control de materias perigosas e colaborar na vixilancia e extinción de incendios forestais dentro do concello de Mos e nos concellos limítrofes.

O concello manifesta que ten unha necesidade inminente e extraordinaria de realizar as tarefas de limpeza e roza dos montes queimados e da maleza, que medra descontroladamente, para atallar canto antes o potencial perigo ambiental para a veciñanza, as empresas e os traballadores dos polígonos empresariais e para as propiedades municipais. Esta situación vese agravada polo alto risco de incendios, debida ao abandono das parcelas de monte das que se descoñecen os seus donos, e que están próximas aos núcleos de vivendas e aos polígonos industriais do concello.

Cómpre ademais frear urxentemente a proliferación de vertedoiros ilegais que desde o comezo do verán está a sufrir o concello, resolvendo máis de 200 denuncias ambientais presentadas. Ao tempo, deben establecerse de contado tanto as medidas preventivas como a realización de traballos para que esta situación non aumente máis e chegue a provocar unha contaminación continua na vexetación e na fauna do concello.

O Concello de Mos non pode manter esta situación de deterioro ambiental, coa destrución e a erradicación da vida silvestre, sen tomar medidas inminentes e extraordinarias que produzan unha mellora da situación e permitan a prevención e a defensa contra os incendios forestais. Xa que logo, precisa da colaboración inmediata da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para dar unha solución ás perentorias demandas, peticións e preocupacións da veciñanza relativas á prevención de incendios e á contaminación.

Estes traballos resultan imprescindibles e necesarios para o normal funcionamento da entidade local e a prestación dos servizos municipais, teñen encaixe dentro da protección do medio ambiente e do espazo natural, e responden ao obxectivo primordial da prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima á cidadanía e se

corresponde con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Mos para afrontar en solitario o compromiso económico derivado da contratación dunha brigada ambiental, que constitúe o obxecto desta subvención.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Mos.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Mos, no que se fai preciso que este concello conte cunha brigada ambiental, integrada no servizo de urxencia municipal, que dea unha resposta adecuada en situacións de emerxencia ambiental, como parte necesaria para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza.

Noveno. O concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a cooperación antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mos acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mos para o mantemento dunha brigada de protección e defensa do ambiente e espazos naturais, integrada no servizo de urxencia municipal, cun orzamento total de 36.000,00 € (IVE incluído), segundo a memoria asinada pola alcaldesa do Concello de Mos, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.

Segunda. Obrigas do Concello de Mos.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Mos:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. A xestión da brigada, nos aspectos materiais, técnicos ou de servizo, entre outros, incluída a coordinación, dirección, organización e funcionamento; entre outras:
 - a. A selección do persoal adscrito ao grupo.





- b. Asumir a adscrición orgánica e funcional do persoal deste grupo.
 - c. Coordinar o grupo.
 - d. Aboar mensualmente as nóminas e demais custos derivados da contratación do persoal.
 - e. Tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas e instalacións do grupo.
- 4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
- 5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sexta deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- 6. De ser o caso, seleccionar o persoal adscrito á brigada de conformidade coa normativa de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, especialmente a normativa de aplicación no ámbito local ou, en todo caso, baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
- 7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 9. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de TRINTA E SEIS MIL EUROS (36.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.


Cuarta. Gastos subvencionables

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.
2. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.
3. A brigada dependerá xuridicamente do Concello de Mos, que é a entidade contratante, e en ningún caso o seu persoal terá vínculo laboral nin doutro xénero coa Xunta de Galicia.

Quinta. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Mos deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
- b) Certificación expedida pola/o secretaria/o do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- c) De ser o caso, certificación emitida pola secretaria do concello na que se faga constar que na contratación do persoal integrante da brigada seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas ou, de ser o caso, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- e) Declaración responsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está incursoa en ningunha das prohibicións



establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade local beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que no ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 30 de novembro de 2018.

Sexta. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. O concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula sexta, letra b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención concedida.
3. A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 1. Os gastos acredítanse mediante a presentación de nóminas e TC2.
 2. Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF, nos supostos en que este sexa subvencionable.

Os xustificantes de transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, e serán documentos orixinais.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola entidade beneficiaria da subvención e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento. Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

4. Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello beneficiario presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.



Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito do Concello de Mos ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:


- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, que é o mantemento dunha brigada municipal de protección e defensa do ambiente e espazos naturais. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.
 - De ser o caso, non acreditar na forma establecida na cláusula quinta que na contratación do persoal integrante da brigada se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
 - O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Oitava. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula sexta constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada



ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Novena. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

Décima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo primeira. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por unha persoa representante da Dirección Xeral de Administración Local e unha persoa representante do concello.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:



- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo segunda. Causas de resolución

O presente convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Por acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis



Décimo terceira. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2018.

Décimo cuarta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo quinta. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sexta. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.


En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

A alcaldesa do Concello de Mos



Nidia María Arévalo Gómez

ANEXO ORZAMENTO
BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS

PARTIDA 1. EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	Uds.	Prezo unitario	Importe
Bota magma FAL bombeiro	3	168,00	504,00
Buzo ignífugo algodón	3	81,89	245,67
Pantalón ignífugo algodón con cinta reflectante fluorescente	3	76,50	229,50
Cazadora ignífuga con cinta reflectante	3	85,20	255,60
Camiseta servizos franxa vermella	6	10,00	60,00
Transfer de serigrafía A6-1Cor	15	1,83	27,45
Gravación A& Transfer de serigrafía 1 posición	15	2,00	30,00
Posta en máquina gravacións térmicas	1	24,95	24,95
Casco intervención	3	355,00	1.065,00
Cubrecaulugas	3	43,00	129,00
SUMA			2.571,17
IVE 21%			539,95
TOTAL PARTIDA 1			3.111,12

PARTIDA 2. MATERIAL	Uds.	Prezo unitario	Importe
Arnés TH 03	1	136,36	136,36
Espuelas de trapa en aceiro	1	193,39	193,39
Kit de púa dobre	1	35,74	35,74
Motoserra poda	1	231,61	231,61
Rope Lanyard elemento de amarre 3030150 150 cm	1	20,25	20,25
LL axustable 1" Irímo	1	48,76	48,76
Cord. Trenza nylon 12 mm CTE 100 mts	1	64,96	64,96
Mos. Seg. Asimétrico peche automático aceiro apertura 26 mm 50 km	6	8,84	53,06
Pulverizados industrial mod. IK 9	2	63,06	126,12
Eslinga 3 TN - 4 metros	2	14,02	28,06
Eslinga 4000 kg - 4 MT	2	23,56	47,11
Cadea motoserra	10	13,23	132,25
Cabezal nylon desbr. T45X semi-auto M12	10	28,85	288,45
Disco de 2 puntas maleza 300x4x25.4	10	7,03	70,25
Mantemento de equipos (taller reparación)	1	413,22	413,22
Core 200 L + maletín Solter	1	231,40	231,40
Pantalla cabez expert móbil 90*110	1	11,90	11,90
Disco láser canteiro UB-60 115 mm	1	22,48	22,48
Disco c/ferro 115x1x22.23	10	0,99	9,92
SUMA			2.165,29
IVE 21%			454,71
TOTAL PARTIDA 2			2.620,00

PARTIDA 3. COMBUSTIBLE	
Estimación gastos de combustible	4.618,88
TOTAL PARTIDA 3	4.618,88

PARTIDA 4. CONTRATACIÓN DE PERSOAL (oficial brigada ambiental - condutor)	
Soldo mensual	1.181,84
Prorrata paga extra	196,97
SS empresa	521,19
Total mensual por traballador	1.900,00
Número de traballadores	3,00
Período de contratación (en meses)	4,50
TOTAL PARTIDA 4	25.650,00

RESUMO DO ORZAMENTO	
PARTIDA 1. EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	3.111,12
PARTIDA 2. MATERIAL	2.620,00
PARTIDA 3. COMBUSTIBLE	4.618,88
PARTIDA 4. CONTRATACIÓN DE PERSOAL	25.650,00
ORZAMENTO TOTAL	36.000,00

